| Morfosintaxe | |
|---|---|
| 1 | **Que signo gráfico marca unha aspiración?**<br>☐ A) O espírito áspero<br>☐ B) O espírito suave.<br>☐ C) O acento circunflexo<br>☐ D) O acento agudo |
| 2 | **Vai sempre en última ou penúltima sílaba e só sobre vogal longa ou ditongo ...**<br>☐ A) O acento grave.<br>☐ B) O acento circunflexo.<br>☐ C) O acento agudo.<br>☐ D) O apóstrofo. |
| 3 | **Pronúnciase /u/...**<br>☐ A) A ípsilon υ<br>☐ B) A omega ω<br>☐ C) O ditongo ου<br>☐ D) O ditongo οι |
| 4 | **A iota subscrita NON vai nunca con...**<br>☐ A) ϵ<br>☐ B) α<br>☐ C) η<br>☐ D) ω |
| 5 | **O signo de interrogación en grego é....**<br>☐ A) Punto alto<br>☐ B) Punto baixo<br>☐ C) Coma<br>☐ D) Punto e coma |
| 6 | **É unha consoante dobre o...**<br>☐ A) ϕ<br>☐ B) ψ<br>☐ C) θ<br>☐ D) λ |

| | |
|---|---|
| 7 | **Que lingua da Península NON é de orixe indoeuropea**<br>☐ A) O catalán<br>☐ B) O galego<br>☐ C) O éuscaro<br>☐ D) O portugués |
| 8 | **Cal destes NON é un dialecto grego?**<br>☐ A) Xónico<br>☐ B) Dorio<br>☐ C) Gótico<br>☐ D) Eolio |
| 9 | **O alfabeto grego ten...**<br>☐ A) 28 signos<br>☐ B) 27 signos<br>☐ C) 24 signos<br>☐ D) 22 signos |
| 10 | **Que alfabeto procede do grego?**<br>☐ A) O fenicio<br>☐ B) O latino e o cirílico<br>☐ C) A escritura cuneiforme<br>☐ D) Os xeroglíficos exipcios |
| 11 | **Que caso indoeuropeo NON ten o grego?**<br>☐ A) Vocativo<br>☐ B) Acusativo<br>☐ C) Ablativo<br>☐ D) Xenitivo |
| 12 | **A forma τὰ do artigo é**<br>☐ A) Nominativo singular feminino<br>☐ B) Nominativo plural feminino<br>☐ C) Dativo singular neutro<br>☐ D) Nominativo e acusativo plural neutro |
| 13 | **“Para as” traduce a forma grega...**<br>☐ A) τοῖς<br>☐ B) τῷ<br>☐ C) ταῖς<br>☐ D) τῇ |
| 14 | **A palabra grega νεανίας - ου pertence ao o grupo de palabras da 1ª declinación de ...**<br>☐ A) Femininas alfa pura<br>☐ B) Femininas alfa mixta<br>☐ C) Masculinas alfa pura<br>☐ D) Femininas en η |
| 15 | **A forma κεφαλῆς é ...**<br>☐ A) Acusativo plural<br>☐ B) Dativo plural<br>☐ C) Xenitivo singular<br>☐ D) Dativo singular |

| | |
|---|---|
| 16 | **A oración ἡ οἰκία μικρά ἐστίν tradúcese**<br>☐ A) Hai unha casa pequena<br>☐ B) As casas son pequenas.<br>☐ C) Teño unha casa pequena.<br>☐ D) A casa é pequena. |
| **Legado** | |
| 17 | **A Guerra de Troia podemos situala na...**<br>☐ A) Época minoica<br>☐ B) Época micénica<br>☐ C) Época arcaica<br>☐ D) Época clásica |
| 18 | **A Magna Grecia situámola en ...**<br>☐ A) España<br>☐ B) Mar Negro.<br>☐ C) Tracia.<br>☐ D) Sur de Italia. |
| 19 | **A ἐκκλεσία é:**<br>☐ A) O consello formado por 400 cidadáns<br>☐ B) A institución de proteccións de leis<br>☐ C) A asemblea popular<br>☐ D) O senado |
| 20 | **Cando aparecen as πόλεις**<br>☐ A) Na época helenística<br>☐ B) Na época clásica<br>☐ C) Na época arcaica<br>☐ D) Na época micénica |

=> **Nota** : Cada ítem correcto = 0,50 puntos.